BOP DIPUTACIÓN DE LUGO
JUEVES, 18 DE DICIEMBRE DE 2014 Nº 289
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DE LUGO

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o acordo sobre días non laborais derivado do Convenio Colectivo Provincial para a Industria de Evanistería e Afíns da Provincia de Lugo, asinado o día 20 de novembro de 2014, pola representación patronal e das centrais sindicais U.G.T. (38,10%), CC.OO. (33,33%) e C.I.G. (4,76%), como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/95, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo ACORDO.

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 04 de decembro de 2014 - A xefa do Servizo de Traballo e Economía Social, Rocío Rebolo Serén

ACTA DE ACUERDO CONVENIO COLECTIVO DE EBANISTERÍA DA PROVINCIA DE LUGO

ASISTENTES

Pola Asociación Provincial de Empresarios de Ebanistería de Lugo
ANGEL HERMIDA LAGE
JULIO MOURE LÓPEZ
GONZALO EXPÓSITO CHOREN
JOSÉ MARCOS RESCO VALIÑA
MANUEL LÓPEZ INSUA

Polas Centrais Sindicais
UGT [38,10%]
CARLOS GARCÍA VAZQUEZ
LUÍS CARDOSO BALSA

CC.OO. [33,33%]
JOSE MANUEL BREA MÉNDEZ
SERGIO LÓPEZ RIVERA

CIG [4,76%]
ALFONSO LOSADA RODRÍGUEZ

En Lugo, sendo as 17:00 horas do día 20 de novembro do 2014, reúnense nos locais da CEL as persoas á marxe relacionadas, membros todas elas da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo de Ebanistería da Provincia de Lugo.

Logo dos debates oportunos, adóptanse os seguintes

ACORDOS:

PRIMEIRO.- Nos termos previstos no artigo 7 do Convenio Colectivo de Ebanistería da Provincia de Lugo, para o ano 2015, para aquelas empresas que no prazo dun mes dende a data de publicación da presente Acta non teñan distribuida a xornada conforme ao disposto no Convenio, terán a consideración de días non laborais de Convenio, a maiores do 24 e o 31 de decembro, días non laborais de Convenio con carácter xeral, os seguintes:

- 2 de xaneiro

- 5 de xaneiro
- 24 de xullo
- 7 de decembro

SEGUNDO.- O acordado no punto primeiro enténdese sen perxuizo dos pactos que se poidan acadar en materia de xornada para o ano 2015 no marco da negociación da nova edición do Convenio.

TERCEIRO.- Remitir a presente Acta á Autoridade Laboral competente aos efectos legais oportunos.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, e en proba de conformidade asinan os á marxe reseñados a presente acta, en lugar e data sinalados no encabezamento.

Ángel Hermida Lage, Julio Moure López, Gonzalo Expósito Choren, José Marcos Resco Valiña, Manuel López Insua, Carlos García Vázquez, Luís Cardoso Balsa, José M. Brea Méndez, Sergio López Rivera, Alfonso Losada Rodríguez

R. 4292

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

Anuncio

LICITACIÓN

Aprobada pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria do día 5 de decembro de 2014 a proposta relativa á aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán a contratación do **SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA PARQUE AMBIENTAL EN RIBAS DO SIL, NO MARCO DO PROXECTO LUGO2 PROVINCIAL, COFINANCIADO NUN 80% POLO FEDER.**

ENTIDADE ADXUDICADORA:

a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.
b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
c) Nº de expediente: EXP0036MI14-ABO.
d) Domicilio: San Marcos 8.
e) Localidade e código postal: Lugo 27001.
f) Teléfono: 982260190.
g) Correo electrónico: contratacion@deputacionlugo.org
h) Dirección de Internet de perfil de contratante: http://www.deputacionlugo.org/.

1. OBXECTO DO CONTRATO:

a) Tipo: Mixto.
b) Descripción: obxecto a subministración e instalación do equipamento para parque ambiental en Ribas de Sil, equipamento que se recolle no proxeto técnico redactado pola unidade de proxectos desta Deputación Provincial e no que se inclúe o documento de prego de prescripcións técnicas particulares.
c) Duración: O prazo máximo de execución do contrato será de DOUS (2) MESES contados a partir da acta de inicio da prestación que se estenderá unha vez que se dispoña dos permisos e autorizacións necesarios para a súa execución.
d) Admisión de prórroga: De producise atraso na subministración e instalación por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga que será polo menos por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no artigo 213.2 do TRLCSP. No suposto de chegarse a prorrogar o prazo de execución do contrato, as súas características permanecerán inalteradas e manterase o prezo do contrato adxudicado.
e) CPV

45223800-0 "Elementos prefabricados y sus componentes"
45223822-4 " Elementos Prefabricados"
45223800-4 "Montaje e instalación de estructuras prefabricadas"

2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO:

a) Tramitación: Ordinaria.
b) Procedemento: Aberto.
c) Criterios de adxudicación (Ver cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas):